

**JULIO CABRERA, JAVIER MUGUERZA,  
JUAN LUIS PINTOS  
*IN MEMORIAM***

O pasado 3 de outubro tivemos que lamentar o falecemento de Julio Cabrera Varela, compañeiro de estudos e colega de profesión de moitas persoas vinculadas á revista *Agora*, en cuxas páxinas queremos evocar arestora a súa memoria, xunto coa de Javier Muguerza Carpentier, falecido no 10 de abril de 2019, e Juan Luis Pintos de Cea-Naharro, falecido no 30 de maio 2018, que, como Julio, mais de modo diverso, estiveron ligados á nosa revista.

Julio Cabrera Varela (Santiago de Compostela, 1956-2020) formouse na Universidade de Santiago de Compostela, onde se licenciou e doutorou en Filosofía. Desde o comezo da súa etapa de formación investigadora, licenciárase en 1981 e doutorouse en 1990, decantouse polo pensamento filosófico sociolóxico, desenvolvendo posteriormente, como docente e investigador, a súa actividade profesional no campo da socioloxía, prestando singular atención á política e á xuventude, na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade de Santiago de Compostela. Julio, alén de sociólogo de amplo espectro, foi tamén un escrutador atento da realidade galega, á cal dedicou traballos e publicacións.

Case desde o inicio dos estudos de filosofía na nosa Universidade, Javier Muguerza (Coin, Málaga, 1936-Madrid, 2019), grande figura da filosofía española contemporánea, estivo vinculado á Facultade de Filosofía, relacionándose máis estreitamente coa área da súa especialidade, a filosofía moral e política, mais sen deixar de ter vínculos con todos os campos do saber filosófico. Tamén mantivo unha estreita ligazón coa revista *Agora*, facendo parte do seu comité científico desde a súa constitución en 1988 até 2018.

Das súas numerosas visitas, lembramos, por significativa, a súa participación eminente, en 2006, na xornada inaugural da nova sede, a actual, da Facultade de Filosofía.

Juan Luis Pintos (Santiago de Compostela, 1939-2018), profesor e investigador, formado en Madrid e Alemaña, chegou á nosa Universidade a mediados dos anos 70, radicándose até finais dos 80 na Facultade de Filosofía e despois, e até a súa xubilación, na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais. Juan Luis transitou da filosofía á socioloxía deixando unha pegada fonda en estudantes, discípulos e colegas, pola súa capacidade, e cualidades, de maternaxe: ilusionar a estudantes e investigadores na súa tarefa, facéndoos acreditar nas súas propias forzas. Juan Luis Pintos, experto en socioloxías das marxes, alén de profesor e investigador, foi, se se pode dicir así, un auspiciador de profesores e investigadores. Estivo ligado a *Agora* desde o inicio, pertencendo ao consello de redacción até 1988 e, desde entón, facendo parte do comité científico até o seu pasamento en 2018.

Alén da colaboración deles con *Agora*, lembramos algunhas publicacións (de Juan Luis; sobre Muguerza; de Julio) nos momentos iniciais da revista, que outrora nacera como unha vía para servir de expresión, prioritariamente, mais non exclusivamente, ao traballo de docentes e investigadores da universidade compostelá. Así, no primeiro número, achamos: Juan Luis Pintos, “Conflicto de racionalidades”, *Agora: Papeles de Filosofía* nº1, 1981, pp. 65-84; Esperanza Guisán, “Javier Muguerza: la esperanza en la razón”, *Agora: Papeles de Filosofía* nº1, 1981, pp. 255-262. E, no terceiro número, encontramos: Julio Cabrera, ““Beruf” als “Beruf””, *Agora: Papeles de filosofía* nº3, 1983, pp. 197-202 e, tamén da autoría de Julio, “Correspondencia bibliográfica de las obras de Weber traducidas al castellano”, *Agora: Papeles de filosofía* nº3, 1983, pp. 225-236.

*Agora. Papeles de Filosofía*